




GUÍA DA VENDA DIRECTA DOS PRODUTOS PRIMARIOS



O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2014 ENTROU EN VIGOR O DECRETO POLO QUE SE REGULAN EN GALICIA AS CONDICIÓN DE VENDA DIRECTA DOS PRODUTOS PRIMARIOS DESDE AS EXPLOTACIÓN AO CONSUMIDOR FINAL

DECRETO 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final

DOG Núm. 186 Martes, 30 de setembro de 2014

QUEN PODE ACOLLERSE A ESTE SISTEMA?

Calquera persoa titular dunha explotación agraria inscrita no *Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia* (REAGA) que o solicite, ou calquera persoa que aínda non estando no REAGA solicite a alta neste rexistro.

QUE PRODUTOS?





ONDE SE PODEN VENDER?

DIRECTAMENTE NA SÚA EXPLOTACIÓN (VENDA IN SITU)

MERCADOS LOCAIS

ESTABLECEMENTOS DE VENDA POLO MIÚDO (FROITERÍAS E TENDAS)

QUE TEN QUE FACER PARA ACOLLERSE Á VENDA DIRECTA DE PRODUTOS PRIMARIOS DO PRODUTOR Á PERSOA CONSUMIDORA FINAL?

En primeiro lugar proceder a comunicar a alta na Sección de Explotacións acollidas á Sección de venda directa (SEVEDI).

Esta comunicación a realizará presentando o *Anexo I (procedemento MR237C)* que acompaña o Decreto 125/2014.

ONDE PRESENTA O IMPRESO DE ALTA?

Na Oficina Agraria Comarcal máis próxima a súa explotación onde lle asesorarán sobre o funcionamento desta actividade.

Tamén pode presentala en calquera oficina de rexistro da Xunta de Galicia ou calquera outro rexistro público

A photograph of a woven basket filled with fresh produce, including green bell peppers, yellow and red tomatoes, and various leafy greens like lettuce and spinach. The basket is placed on a grassy surface. The text is overlaid on a semi-transparent blue and green background.

A PRESENTACIÓN DESTE ANEXO I PERMITIRÁ AO AGRICULTOR COMEZAR A RELIZAR VENDA DIRECTA DE ACORDO CO ESTABLECIDO NO DECRETO 125/2014?

Unha vez presentado este impreso xa pode comezar a desenvolver a actividade.

Os Servizos Oficiais da Consellería do Medio Rural e do Mar procederán á comprobación dos datos do impreso de solicitude de alta no SEVEDI e a inscrición da mesma no *Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia* (REAGA).

A inexactitude, a falsidade ou omisión dos datos da solicitude de adhesión ao sistema de venda directa e a falta de inscrición no REAGA comportará, previa audiencia á persoa interesada, deixar sen efecto a adhesión ao sistema e impide a utilización de calquera referencia a este sistema de venda.

CASOS QUE SE PODEN DAR NA INSCRICIÓN

Que a persoa que solicite a inscrición no SEVEDI teña un código REAGA (CEA) asignado. Esta persoa deberá presentar obrigatoriamente unha modificación da solicitude de inscrición no REAGA co fin de actualizar os datos deste rexistro así como unha relación das parcelas da explotación


No caso de que non teña código deberá presentar solicitude de alta no REAGA (procedemento MR4o8B) debendo presentar toda a documentación necesaria para a alta (incluídas as referencias *Sixpac* das parcelas da explotación), así como cubrir obrigatoriamente os apartados 8.1 (dedicación da terra) e 8.3 (gando), por ser necesarios no caso de que outros organismos realicen as inspeccións establecidas no artigo 12 do Decreto.



VAISE DAR AO SOLICITANTE ALGÚN TIPO DE DOCUMENTO OFICIAL QUE ACREDITE A SÚA CONDICIÓ DE VENDEDO R POR VENDA DIRECTA?

O artigo 11.2 establece que unha vez que unha persoa comunique a súa intención de que se lle inscriba na SEVEDI xa pode comezar a venda directa, e será inscrita de oficio nesa sección do REAGA.

Se o interesado solicita un certificado de inscrición aplicarase o establecido na lexislación vixente no caso de solicitude de inscrición en rexistro público, é dicir, solicitude e pago de taxas.

A top-down view of a woven basket filled with fresh produce. The basket contains several ripe red and yellow tomatoes, a bunch of orange carrots, and various green leafy vegetables like lettuce and spinach. The basket is placed on a grassy surface.

TEÑEN QUE INSCRIBIRSE OS PRODUTORES QUE VENDEN PRANTAS DE HORTALIZAS PARA TRANSPLANTE NA CASA OU NAS FEIRAS?

Ao non ser produtos vexetais para consumo non entrarían tampouco no ámbito deste decreto

DEBEN INSCRIBIRSE NA SECCIÓN DE SEVEDI OS VITICULTORES QUE VENDEN UVA A PARTICULARES?

A uva que venden os particulares se é con destino a transformación non entraría no ámbito de aplicación deste decreto.

PÓDENSE VENDER OS PRODUTOS DUNHA EXPLOTACIÓN A UN INTERMEDIARIO OU ALMACENISTA?

A venda da produción dunha explotación a outra persoa que non é o consumidor final é unha operación comercial, non se considera venda directa e polo tanto non entra no ámbito deste Decreto (a excepción é a venda ao comercio minorista).



VENDA DE OVOS

A top-down view of a large woven basket filled with fresh produce. On the left, there are large-leafed green vegetables like chard or spinach. In the center, there are several small, round potatoes. To the right, there are bunches of carrots and green onions. In the foreground, a smaller woven basket contains several white eggs. The background is a grassy area with some dry leaves.

PODE O PRODUTOR VENDER OVOS A UN ESTABLECEMENTO DE VENDA POLO MIÚDO?

NON. A normativa de comercialización de ovos permite a venda directa destes só en mercados locais ou na propia explotación. Os ovos que se vendan en establecementos polo miúdo deben proceder de centros de embalaxe autorizados.

REXISTRO DO VENDEDOR

O PRODUTOR QUE REALIZA VENDA DIRECTA TEN QUE LEVAR ALGÚN REXISTRO?

SI. Unicamente terá que anotar o **produto** que vende, a **cantidade** e a **data** e o **lugar** de venda. No caso de vendas a establecementos polo miúdo, anotarase a **identidade do establecemento**

HIXIENE DOS PRODUTOS

TEN ALGUNHA RESPONSABILIDADE O PRODUTOR RESPECTO Á SEGURIDADE E HIXIENE DOS PRODUTOS QUE VENDE?

SI. O produtor debe asegurar que os produtos que vende están en bo estado e son seguros para as persoas, cumprindo a normativa que afecte á súa actividade.

É o propio produtor o que ten que controlar a inocuidade dos seus produtos, para o que pode aplicar as guías de boas prácticas de hixiene elaboradas polo sector para a actividade, se existiran.

PRESENTACIÓN DOS PRODUTOS

A top-down view of a woven basket filled with fresh produce. The basket contains several bags of leafy greens like lettuce and spinach, a bunch of carrots, a bunch of green onions, and a small basket of tomatoes. The basket is placed on a grassy surface.

EN QUE FORMATOS PODO VENDER O MEU PRODUTO?

A GRANEL

ENVASADOS

Soamente o mel, o pole, a própole e a xelea real deben comercializarse obrigatoriamente envasados.

PRESENTACIÓN DOS PRODUTOS

CANDO É OBRIGATORIO ETIQUETAR O PRODUTO?

Cando o produto se presente **envasado** debe ser etiquetado. Nos produtos a **granel**, non é obrigatorio etiquetar. Neste caso a información pódese facilitar por distintos medios: un rótulo ou cartel (venta en mercados locais), información no documento comercial (en venda a tendas), e mesmo de xeito oral cando sexa a venda na propia explotación.

PRESENTACIÓN DOS PRODUTOS

ETIQUETADO CADRO RESUMO

MODALIDADE VENDA	PRESENTACION	OBRIGAS
"In situ"	Envasados	Etiquetados
	A granel	Información oral
Mercado local	Envasados	Etiquetados
	A granel	Información alimentaria en rótulo ou cartel.
A establecementos venda polo miúdo (non ovos)	Envasados	Etiquetados
	A granel	Poden indicarse os datos no documento comercial que se entregue ao establecemento de venda e este deberá trasladalos ao consumidor.

INFORMACIÓN ALIMENTARIA

QUE INFORMACIÓN ALIMENTARIA SE DEBE FACILITAR?

- Para os produtos **envasados e etiquetados**:
 - Denominación de venda (nome do produto)
 - Cantidade neta
 - Data de consumo preferente (excepto froitas, hortalizas e cogomelos)
 - Identificación do produtor (nome, enderezo e nº de REAGA)
 - Lote.
- Nos produtos **a granel**
 - Denominación de venda
 - Na venda en mercados locais tamén a identificación do produtor (nome, enderezo e nº de REAGA)

Xunto con estas indicacións deberán figurar os datos relativos ao **prezo**, de acordo coa normativa específica de consumo

INFORMACIÓN ALIMENTARIA

CADRO RESUMO

PRESENTACIÓN	INDICACIONES XERAIS
Envasado	Denominación de venda (nome do produto: mel, maza, Kiwi,....). Cantidade neta. Data de consumo preferente (excepto froitas e hortalizas). Identificación do produtor e o seu enderezo (indicar tamén nº REAGA). Lote.
A granel	Denominación de venda (mínimo) Identificación do produtor e o seu enderezo (indicar nº REAGA) na venda nos mercados locais. Pode ser unha identificación única para todo o posto de venda.

Ademais, dependendo do produto, a información alimentaria completárase coas seguintes indicacións

PRODUTO	INDICACIÓN
Mel	Presentarase sempre envasado e a información xeral completárase co país de orixe.
Ovos	Na venda a granel deberá figurar tamén a data de consumo preferente (máximo 28 días dende a posta).
Froitas e hortalizas	Dependendo do produto a información xeral completárase coa información que figure na norma específica de cada produto (características comerciais, variedade, orixe do produto,...).
Legumes	Se están envasadas, debe completarse a información coa categoría comercial e a data de envasado.
Cogomelos	A denominación de venda será xénero e especie e indicárase se son cultivadas ou silvestres. Pode figurar o nome común.